

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

11, 12 e 13 DE DECEMBRO, CONGRESO EN TUI

O ano de Álvarez Blázquez dura todo o ano

Os meirandes expertos na figura do autor e editor reuniranse nun encontro organizado por Méndez Ferrín, Axeitos, Darío X. Cabana e Sánchez Bargiela.

M.S.P. - 19:25 13/11/2008

Estamos demasiado afeitos a que as celebracións do Día das Letras Galegas se concentren ao redor do 17 de maio e as semanas previas. Así é case todos os anos, de xeito que a partir de maio o autor homenaxeado cae das axendas informativas, e son escasos os actos que se organizan para o estudo da súa obra ou a súa figura. O propio Celso Álvarez Cáceamo afirmaba en maio [nunha entrevista en Vieiros](#) que "Eu non concibo o Día das Letras como concentración acelerada de esforzos até un día no que desce de forma brusca, á marxe de que o 17 se concentren unha serie de actos simbólicos. Non creo que un autor deba ser condenado a un ano e un día. A xente que comprende isto sabe que non debera acabar aquí".

Son moitas as ocasións, igualmente, nas que se bota a faltar a celebración dun congreso de investigación que afonde no coñecemento da persoa á que se dedica o recoñecemento, alén da publicación de libros illados ou da realización de homenaxes. O pasado ano, cubriuse en parte este baleiro coa [organización en decembro no Consello da Cultura dunha mesa redonda sobre María Mariño](#).

Non vai ser así con Álvarez Blázquez. Tui acollerá os días 11, 12 e 13 de decembro un congreso sobre Xosé María Álvarez Blázquez, que será coordinado por Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Xosé L. Axeitos e Rafael Sánchez Bargiela. Trataranse as múltiples facetas profesionais e persoais de Álvarez Blázquez, tanto o seu labor como editor, arqueólogo ou historiador, como a súa obra literaria. E no congreso participarán importantes expertos como Xosé Ramón Barreiro, Manuel Forcadela, Manuel Bragado, Víctor Freixanes, Ana Acuña ou Carlos García Martínez. A asistencia ao encontro, que se celebrará no Teatro Municipal e no que colaboran a Consellaría de Cultura, a Real Academia e o propio concello tudense, está limitada a uns cen inscritos.

Programa

11 de decembro

10.00. Conferencia inaugural a cargo de X.L. Méndez Ferrín: "A literatura galega interpretada por Xosé María Álvarez Blázquez".

10.45. Comunicacions: "Achega da familia Álvarez á construción do país" (Alfonso Álvarez Cáceamo, Alfonso Álvarez Gándara e Emilio Álvarez Rei).

16.30. Relatorio de Eduardo Méndez Quintas: "Reflexións en voz alta sobre o labor arqueolóxico de X. M. Álvarez Blázquez".

17.00. Comunicacions: "Álvarez Blázquez, editor" (Víctor Freixanes e Manuel Bragado).

18.15. Debate conxunto.

12 de decembro

10.00. Relatorio de X. R. Pena: "X. M. Álvarez Blázquez, canonizador e investigador da nosa literatura".

10.30. Relatorio de X. R. Barreiro Fernández: "A obra histórica de Álvarez Blázquez".

11.30. Conferencia de Rafael Sánchez Bargiela: "X. M. Álvarez Blázquez e a súa familia: un corazón aberto na vella cidade tudense".

12.00. Mesa Redonda: "O coleccionismo" (Méndez Ferrín, Carlos Pérez-Fonterosa, J.M. González Troncoso, Ernesto Iglesias Almeida)

13.00. Roteiro X. M. Álvarez Blázquez

16.30. Relatorio de Manuel Forcadela: "A narrativa galega de X. M. Álvarez Blázquez".

17.00. Comunicacions: "X. M. Álvarez Blázquez e a arqueoloxía da resistencia" (Carlos García Martínez e Fernando Acuña Castroviejo).

18.15. Debate conxunto.

13 de decembro

10.00. Relatorio de X. M. Álvarez Cáccamo: "X. M. Álvarez Blázquez: A paixón das orixes".

10.30. Comunicacions: "X. M. Álvarez Blázquez: Unha voz propia e honrada" (Ana Acuña, Ramón Nicolás e Carlos Bernárdez).

12.00. Debate conxunto.

13.00. Conferencia de clausura de Darío Xohán Cabana: "X. M. Álvarez Blázquez, editor revolucionario".

Novas relacionadas

- ["Meu pai era un traballador de fondo, con poucas arelas de facenda; traballaba por amor á cultura"](#)
- ["Para el a cultura non era un traballo de francotiradores, por moi talentosos que fosen, senón unha construción colectiva"](#)
- [Álvarez Blázquez recibe o merecido recoñecemento da cultura galega](#)
- [O Día de Álvarez Blázquez](#)
- [Unha luzada de estrelas para Álvarez Blázquez](#)
- [Álvarez Blázquez, entre o rock e o hip-hop](#)
- [Un disco para 'Colorín'](#)